



ADEGA.(Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza)
Ronda de Fontiñas, 180 Ent. 27002, Lugo
Tfno: 982240299
Travesa dos Basquiños 9 Baixo, Santiago de Compostela
Tfno: 981570099

SOLICITUDE DE BEN DE INTERESE CULTURAL PARA A “COVA DE EIRÓS” DO MUNICIPIO DE TRIACASTELA

Adela Figueroa Panisse, con DNI XXXXXXXX-X, no nome da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA), solicita a esta Consellaría a declaración de Ben de Interese Cultural (BIC) para o xacemento arqueolóxico denominado “Cova de Eirós” no municipio de Triacastela, da provincia de Lugo. As coordenadas UTM ou datos xeográficos da Cova de Eirós son os seguintes:

Segundo o seu inventario:

X= 7° 012' 015".

Y= 42° 016' 020"

ALT= 780m.

Segundo os datos do Grupo de Espeleoloxía de Lugo:

N: 4736641.88

E 6446984.08

ALT: 785.1

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Cova de Eirós encóntrase na aba norte do Monte Penedo da Serra do Iribio entre as poboacións de Cancelo e Vilavella. Esta caverna é de orixe cárstico, por estar situada nun macizo de rocha calcaria. De difícil acceso, garda no seu interior importantes restos do período paleolítico, polo que conserva da fauna da época, así como de restos humanos.

Se ben nesta cova non se atoparon aínda pinturas desa época, si se teñen achado nas súas paredes rabuñaduras de ursos de máis de 30.000 anos de antigüidade e así o testemuña a tese doutoral da profesora Doutora Aurora Grandal¹, do Instituto Xeolóxico de Laxe, da Universidade da Coruña. Tan só este dato xustificaría a súa preservación como BIC.

¹Grandal, Aurora. Tese: “El Oso de las Cavernas en Galicia: A cova de Eirós”.

DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL DA CONSELLARÍA DE CULTURA DA XUNTA DE GALIZA

A importancia arqueolóxica e paleontolóxica desta cova foi descuberta polo insigne xeoquímico Isidro Parga Pondal, xunto coa canteira de calcario que se explota para a fabricación de cementos no Oural. Nesa altura, a cova foi preservada de toda explotación dado o seu interese xeolóxico

Foi nos anos 80 cando se iniciaron as escavacións polo Laboratorio Xeolóxico de Laxe para recabar datos para a tese de doutoramento da doutora Aurora Grandal sobre a fauna cuaternaria en Galiza. E no ano 1993 faise unha segunda escavación deste xacemento.

No ano 2008 arqueólogos vencellados ás universidades de Santiago de Compostela, de Cantabria e da Rovira i Virgili, de Catalunya confirmaron o achádego de materiais líticos que, sen dúbida, están adscritos ao Paleolítico Medio e datados en cronoloxía absoluta en 118.000 anos². E tamén se atoparon evidencias do Paleolítico Superior datadas entre 29.000 e 22.000 anos (período Gravetiense, até agora inédito en Galiza) polo tanto, correspondentes a humanos neandertais.

Como resultado destas escavacións, aparece un colgante, datado en 26.000 anos, na zona máis externa da cova de Eirós. Tamén unha agulla de coser, o que nos demostra xa unha serie de habilidades adaptativas na elaboración de roupa de protección para o duro e frío clima que, daquela altura, sufría o territorio.

Un dos restos atopados corresponde a unha habitación humana de máis de 12.000 anos. Os restos orgánicos máis antigos atopados na cova poden estar datados en máis de 40.000 anos, o que fai recuar na historia até os homes do Neandertal. Isto coincide co achádego doutros restos tamén encontrados na Galiza noutras covas de terreos calcarios, como a de Valdavara no municipio de Becerreá ou nas terrazas fluviais do río Cabe.

Aínda existen na cova 5 niveis ou estratos produtivos, arqueoloxicamente falando, que fican sen explorar.

Estes achados representan un importante conxunto de datos para a reconstrución das fases máis primitivas da historia dos poboadores da Galiza e do norte de Portugal.

Outras investigacións recentes, no campo da xenética, son de grande interese para a investigación arqueolóxica na Galiza. Estas investigacións fan pensar nunha nova orientación sobre as ideas que clasicamente se tiveron arredor das características dos primeiros poboadores galegos e da súa procedencia.

O Instituto Universitario Isidro Parga Pondal está a desenvolver estudos xenéticos que xa teñen secuenciado o ADN destes poboadores, así como o de diversos fósiles de *Ursus speleaeus* atopados en varias covas do Courel. O resultado destes estudos serán de grande importancia para reconstruír o ambiente no que se atopaban os primeiros poboadores da Galiza. Segundo estes novos datos, os restos humanos atopados na Cova de Eirós serían tan antigos como os máis antigos recoñecidos no resto da Península Ibérica, deitando por terra as vellas teorías de que a ocupación humana chegou a Galiza nun tempo moi posterior en relación co resto da Península.

O feito de que os recentes datos poidan revolucionar as teorías clásicas sobre as migracións humanas, fai que a Cova de Eirós adquira unha relevancia especial. Grazas a ela podemos dar luz á trazabilidade do ADN humano en Galiza. A perda desta herdanza arqueolóxica sería dunha gravidade irreparable.

²Tras Luz, 2011/2012. M. Cruz Ribas Santiso (Edit.)

Senin, Íñigo: "Lugo en los Orígenes de la Humanidad". TrasLuz, 2011/2012

Segundo apuntan os arqueólogos³, en ningún outro lugar da Galiza se puido reconstruír unha secuencia cronolóxica tan longa como a da Cova de Eirós.

OUTROS MOTIVOS:

Esta cova de calcaria está inserida nos terreos concedidos por Industria para a explotación dunha canteira, o que fai temer sobre a súa integridade. Desde que foi adquirida a canteira por CIMPOR (Cimentos de Portugal) e, máis recentemente, por unha firma brasileira, os avances da explotación e a insensibilidade mostrada polos seus explotadores, danos motivos para crer que este xacemento e os seus restos están en serio risco ou perigo de desaparición.

Nunha expedición efectuada polo Club de Espeleoloxía de Lugo o 5 de febreiro de 2006, xa se constatou que:

“O Citado Monte Penedo corre o risco de desaparecer polo avance da canteira e con el, as cavidades entre as que está a Cova de Eirós, baixo a Protección de Patrimonio da Consellaría de Cultura, así como a mesma poboación de Canelo, pois ambas figuran dentro das cuadrículas mineiras concedidas recentemente á empresa que explota a Pedreira. Pola simple observación, constatamos que a canteira xa chegou no se avance até o cumio do Monte Penedo, por riba da vertical das bocas das cavidades cársticas entre as que se atopa a Cova de Eirós.”

Ademais, temos coñecemento de que os terreos de exploración da canteira foron ampliados, por efecto da recalificación da explotación mineira, en cuadrículas que ultrapasan os terreos ocupados pola cova, e que, para esta concesión non foi aprobada a Declaración de Impacto Ambiental, o que aínda abonda máis no noso temor sobre os perigos que poden atinxir a estes restos paleontolóxicos de grande interese.

A cova está fechada ao público e é utilizada apenas 15 días ao ano para facer escavacións arqueolóxicas por parte de investigadores da Universidade de Santiago, que subvenciona a propia empresa que explota a canteira.

Todos estes datos, ademais dos aportados pola Asociación Socio-Cultural O Iribio que tamén solicita a declaración de BIC para a Cova de Eirós, fan que ADEGA se sume a esta demanda, reclamando a máxima protección do patrimonio cultural galego para esta cova. ADEGA tamén subscribe, por tanto, a petición destoutra asociación.

Por todo iso,

SOLICITO:

-A incoación de expediente para a declaración da Cova de Eirós como Ben de Interese Cultural, como zona arqueolóxica ou como zona Paleontolóxica, tal como é previsto na Lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia de 1995 (DOG 8-11-95), outorgándolle todas as proteccións que lle corresponden por dereito, que garantan a súa preservación e o acceso a todos os estudos que nela se tivesen feito e se estean a facer polos diferentes investigadores que acrediten a súa competencia para este fin.

-Que se promova que os achados procedentes desta cova poidan ser incorporados a un museo ou centro de interpretación no propio municipio de Triacastela, co fin de que as riquezas da zona redunden no beneficio da localidade.

³Arturo de Lombera, codirector destas escavacións.

DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL DA CONSELLARÍA DE
CULTURA DA XUNTA DE GALIZA

Para que así conste a todos os efectos,

Asinan en Lugo, a 07 de maio de 2012

Adela Figueroa Panisse
Vicepresidenta de ADEGA Lugo

Visto e Prace de Virginia Rodríguez,
Presidenta de ADEGA